



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezoito de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 11 de xaneiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros hoxe presentes que asistiron á citada sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 21 de decembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos da Rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A). (Diario Oficial de Galicia número 9, do 14 de xaneiro de 2022).

- Orde do 12 de xaneiro de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se prorrogan e se modifican diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 9-Bis, do 14 de xaneiro de 2022).

- Orde do 13 de xaneiro de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 9-Bis, do 14 de xaneiro de 2022).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución de Presidencia 2022/2291, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes - Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para o 2022. (Boletín Oficial da Provincial núm. 10, do 17 de xaneiro de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao día 13 de xaneiro de 2022, que comeza coa resolución da Alcaldía número 18/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 53/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
18/2022	07-01-2022	Padrón da auga 4º trimestre 2021
19/2022	07-01-2022	Resolución nomeamento auxiliar administrativo interino ADL
20/2022	07-01-2022	Convocatoria da sesión da Xunta de Goberno Local do día 11 de xaneiro de 2022
22/2022	07-01-2022	Reposición da legalidade urbanística por ocupación de vía pública por unhas estacas e acopio de valos en praza Casares Quiroga e rúa Río Barcés, A Barcala, Cambre sen título habilitante municipal.
22/2022	07-01-2022	Reposición de legalidade urbanística pola execución de obras diversas en parcela sita en Gamelas (Anceis), consistentes en reforma da construción principal e secundaria, un muro de peche de bloques de formigón nun parcial dos lindes da parcela, un portal de acceso, unha caixa armario para contador e diversos muros de cachotería de pequena altura. Propiedade: F.J.G.P.
23/2022	07-01-2022	Reposición de legalidade urbanística por execución de obras sen licenza e danos en camiños en predio sito en Estrada da Estación, Cambre.
24/2022	07-01-2022	Nomeamento dun/dunha docente para impartir os cursos de Masaxe e estimulación en pacientes encamados; e hixiene postural dentro da formación complementaria do proxecto Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021/22 (10 horas duración total)
25/2022	10-01-2022	Nomeamento docente curso Prevención de Riscos Laborais (PRL) no ámbito sanitario e TIC,s
26/2022	10-01-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez do día 10 de xaneiro de 2022 ata a súa reincorporación
27/2022	10-01-2022	Nomeamento de docente para impartir o curso de formación en Hixiene alimentaria para a manipulación de alimento dentro da formación complementaria do Obradoiro de Emprego PROXEDIS PROWEB III. 2021/22
28/2022	10-01-2022	Expediente de reposición de legalidade urbanística por non axustarse a licenza concedida ao local sito na rúa Polígono
29/2022	11-01-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a S.C.L., por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses establecido na ordenanza
30/2022	11-01-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.E.A.R., por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

32/2022	11-01-2022	Acreditación de fondos recibidos convenio promoción del béisbol 2019
32/2022	11-01-2022	Corrección da Resolución núm. 2201/2021, de data 9 de decembro. Expte. 2021/G003/002177.
33/2022	11-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.K.R.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
34/2022	11-01-2022	Desistencia de solicitude de bonificación das taxas da auga D.L.F., por non achegar a documentación requirida no prazo establecido
35/2022	12-01-2022	Multas tráfico - 9950000024765 Resolución sancionadora
36/2022	12-01-2022	Reposición de legalidade urbanística por obras realizadas en predio sito na rúa Rocón, Cambre sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: J.A.B.G. e M.L.B.G.
37/2022	12-01-2022	Fabricación e montaxe de portas metálicas no campo de fútbol A Barcala
38/2022	12-01-2022	Concesión tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a A.A.M.
39/2022	12-01-2022	Denegación axuda alimentación básica e hixiene persoal a F.P.V. por superar a cantidade máxima anual por unidade familiar
40/2022	12-01-2022	Concesión de licenza de vao permanente a J.V.B. para o acceso a almacén sito na rúa Pígara, O Temple. Cambre. Expediente de actividade núm. 03/03/05.
42/2022	12-01-2022	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do cuarto trimestre do ano 2021.
42/2022	13-01-2022	Reposición de legalidade urbanística pola execución de obras en parcela sita en Aian (Sigrás), consistentes na apertura dunha gabia e acopio na parcela de arqueta prefabricada de formigón e varias tubaxes de PVC. Titular: J.I.G.
43/2022	13-01-2022	Licenza de segregación do predio de 3.299 m ² sito en Aían (Sigrás) unha parcela de 112,2 m ² , co fin de cedela ao concello para marquesiña e beirarrúas. Promotor: R.F.M.
44/2022	13-01-2022	Licenza de segregación de predio sito en Meixigo unha parcela de 31 m ² , para cedela ao concello co fin de destinala a beirarrúas. Promotor: F.M.F. e M.C.U.V.
45/2022	13-01-2022	Licenza de segregación de predio sito en Meixigo de 1.090 m ² unha parcela de 85 m ² para cedela ao concello co fin de destinala a beirarrúas. Promotor: S.S.O.
46/2022	13-01-2022	Licenza de segregación de predio sito en Meixigo de 1.053 m ² unha parcela de 87 m ² para cedela ao concello co fin de destinala a beirarrúas. Promotor: M.M.B.F e M.T.G.
47/2022	13-01-2022	Licenza de segregación de predio sito en Meixigo de 1.009 m ² unha parcela de 63 m ² para cedela ao concello co fin de destinala a beirarrúas. Promotor: P.C.L. e M.L.V.M.
48/2022	13-01-2022	Licencia de segregación de parcela de 1057 m ² sito en Meixigo en dúas parcelas de 982 m ² e 75 m ² para posterior cesión ao concello para regularización de viario publico. Promotor: T.F.A. e S.V.L.
49/2022	13-01-2022	Licenza de segregación para regularización de viario e posterior cesión ao concello. Promotor: J.R.M.
50/2022	13-01-2022	Licenza de segregación de predio sito en Altamira (Anceis) de 735 m ² en dúas parcelas de 682 e 53 m ² para realizar a cesión de viarios. Promotor: M.A.M.G.S.
51/2022	13-01-2022	Licenza de parcelación de predio sito en Barral (Bribes) de 1.300 m ² en



CONCELLO DE
CAMBRE

R.E.L. 01150177

		dúas parcelas de 1247 m ² e 53 m ² para cesión de viarios. Promotor: F.S.A.
52/2022	13-01-2022	Reposición da legalidade urbanística pola construción nas Pardas (San Lourenzo) dun peche lindeiro entre as parcelas, un portal de acceso, sen axustarse ás obras comunicadas. Propiedade: C.P.B e J.A.F.L.
53/2022	13-01-2022	Relación altas e baixas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 - Mes de xaneiro

A continuación, o señor alcalde informa da reunión que mantivo coa delegada da Xunta de Galicia e co xefe da Demarcación de Estradas na que lles solicitou a colocación de "barreras New Jersey" na rotonda da saída da autoestrada, no Temple, co fin de aliviar o tráfico ocasionado polas obras de "Sol e Mar", e di que quedaron de estudar a proposta.

Igualmente, di que don Juan González Leirós visitou, xunto co delegado da Xunta de Galicia, as beirarrúas da Xira.

Para finalizar, informa que a semana pasada asistiu á visita da Ministra de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que tivo lugar no paseo marítimo do Burgo, co fin de informalos respecto do inicio do proxecto de rexeneración da ría do Burgo. Engade que á cita tamén asistiron o delegado do Goberno en Galicia, o delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña, o presidente da Deputación e os alcaldes de Culleredo e Oleiros.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López